

PROCEDIMENTO PARA A SOLICITUDE DE USO DAS “PISTAS DE ATLETISMO DO ESTADIO MUNICIPAL VERÓNICA BOQUETE DE SAN LÁZARO” DURANTE A INCIDENCIA DO COVID-19

- Actualización 19/04/2021-

Regulación do réxime de uso da instalación ao aire libre denominada PISTA DE ATLETISMO DO ESTADIO VERÓNICA BOQUETE DE SAN LÁZARO, para os seguintes fins:

- Entidades deportivas: Con carácter prioritario, os adestramentos de deportistas federados pertencentes aos clubs de atletismo e triatlón rexistrados no Concello de Santiago de Compostela.
- Deportistas individuais federados: Utilización individual baixo cita previa para deportistas federados maiores de idade pertencentes as disciplinas de atletismo e triatlón.

O aforo máximo determinado para a instalación é de 50 persoas (incluído adestradores). Este aforo poderá ser reducido en función das restrición determinadas polas autoridades sanitarias en calquera momento.

A continuación mostrase o sistema de quendas dispoñibles establecidas para a instalación de luns a venres:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
19:00 – 19:30					
QUENDA 2 19:30 – 20:30	QUENDA 2L		QUENDA 2Mi		QUENDA 2V
20:30 – 21:00					
QUENDA 3 21:00 – 22:15	QUENDA 3L	QUENDA 3Ma	QUENDA 3Mi	QUENDA 3X	QUENDA 3V

Dado o aforo limitado das pistas, con carácter xeral a quenda 2, estará pre-reservada principalmente para as actividades de escolas deportivas e adestramento de base vinculadas aos clubs da cidade.

1. SOLICITUDE DE USO POR ENTIDADES DEPORTIVAS:

Franxas horarias:

- **Quenda 2 (luns, mércores e venres de 19:30 a 20:30)**: quenda reservada para actividades de escolas deportivas e adestramento de base vinculadas aos clubs destas modalidades (80% aforo – 40 persoas incluídos adestradores).
- **Quenda 3 (luns a venres de 21:00 – 22:15)**: quenda reservada para actividades de adestramento vinculadas aos clubs destas modalidades (60% aforo – 30 persoas incluídos adestradores).

O tamaño dos grupos estarán ao disposto da normativa en vigor, na que se establecen as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica. Con carácter xeral, recoméndase que se establezan ratios de grupos de 10 persoas con monitor para un maior control das actividades ao tratarse dun espazo de uso compartido.

Inicialmente, poderase elixir un máximo de 2 días alternos á semana, para un grupo de actividade (exemplo: quenda 2L / quenda 2Mi). De existir prazas poderase ampliar o numero de quendas e grupos por entidade á semana segundo dispoñibilidade.

Cando nunha mesma quenda convivan deportistas de diferentes clubs, deberá existir unha coordinación entre ambos para que os grupos de adestramentos sexan de composición estable e se manteña en todo momento a distancia de seguridade de cando menos 5 metros.

Documentación previa que deberá aportar o club:

- Presentación da declaración responsable no que poña de manifesto o coñecemento e aceptación expresa da normativa en vigor que afecta a actividade a desenvolver e das condicións de participación segundo modelo do anexo 1, que deberá dirixirse ao Departamento de Deportes do Concello de Santiago, xunto coa folla de asistentes pertencentes ao grupo estable de adestramento, e o protocolo aprobado pola Federación Galega correspondente. Toda a documentación deberá ser enviada como mínimo 72 horas antes do inicio da actividade.
- As entidades deportivas designarán unha persoa coordinadora Covid-19, que será a responsable de coordinación das medidas de prevención e control do Covid19 que se establecen nos protocolos e normativas correspondentes. Na instalación deportiva so poderán acceder os deportistas e cadro técnico mínimo necesario para o desenvolvemento da actividade, e o responsable/coordinador do club e a persoa responsable da hixiene e desinfección do material propio. A persoa coordinadora Covid-19 remitirá ao Concello de Santiago todas as incidencias detectadas durante a actividade, debendo enviar como mínimo cunha frecuencia semanal unha valoración de organización, dinámicas de uso, cumprimento de medidas hixiénicas, etc.
- Os casos excepcionais atenderanse de forma individual. En todo caso, será necesario o envío dun protocolo específico de prevención para a actividade a realizar.

2. SOLICITUDE DE USO POR DEPORTISTAS INDIVIDUAIS:

Estará dirixida a utilización individual baixo cita previa para deportistas federados maiores de idade.

Franxas horarias:

- **Quenda 2 (luns, mércores e venres de 19:30 a 20:30):** reserva para a actividade de deportistas maiores de idade e federados para práctica por libre (20% aforo – 10 persoas).
- **Quenda 3 (luns a venres de 21:00 – 22:15):** reserva para a actividade de deportistas maiores de idade e federados para práctica por libre (40% aforo – 20 persoas).

Con carácter inicial, poderase elixir un máximo de 3 días alternos á semana. En caso de que existan máis solicitudes que prazas ofertadas, estableceranse as preferencias no uso segundo o nivel deportivo do solicitante e a orde cronolóxica de entrada na caixa de correo habilitado ao efecto.

SOLICITUDE XERAL E CITA PREVIA:

O deportista federado interesado en acceder as pistas de atletismo deberá de presentar unha declaración responsable xunto coa licenza federativa e unha fotocopia de DNI.

Para a solicitude de cita previa de carácter semanal será necesario o envío dun correo electrónico cos datos identificativos e os horarios solicitados.

A continuación se detalla o procedemento:

- SOLICITUDE XERAL

Enviar un correo electrónico a atletismosanlazarosantiago@ santiagodecompostela.gal coa seguinte documentación:

- Declaración responsable asinada (anexo 2)
- Copia de DNI
- Copia licenza federativa en vigor.

- CITA PREVIA SEMANAL

As reservas serán semanais, e para formulalas haberá que remitir un correo electrónico antes das 11:30 horas do venres da semana anterior.

O correo electrónico enviarase a atletismosanlazarosantiago@ santiagodecompostela.gal solicitando o acceso e incluíndo os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Número licenza
- Teléfono
- Data e horario solicitado (ver quendas).

IMPORTANTE: é necesaria a confirmación da cita previa por parte do Departamento de Deportes.

O Concello poderá suspender ou anular a reserva de pista cando conorra causa xustificada de interese xeral ou se detecte calquera anomalía que o xustifique. Así como cando o beneficiario non acuda a instalación en a lo menos en 2 ocasións despois de realizar a reserva sen xustificación e aviso previo (mínimo 24 horas antes).

Outras consideracións:

- Para a apertura das pistas, será necesario que exista un número mínimo de 5 solicitudes para unha mesma quenda.
- Non existe posibilidade de acceso a vestiarios, sendo obrigatorio o cambio de calzado nos espazos habilitados na bancada da instalación.
- Unha vez se acceda a instalación e se realice o protocolo de desinfección e cambio de calzado, non será posible abandonar e volver a acceder a mesma.